

En que consiste o proceso participativo da humanización da Rúa Fernández Vega (Auditorio-Mercado)?

Queremos humanizar o espazo comprendido entre o Auditorio e o Mercado Municipal e para iso queremos contar coa opinión, as ideas e a participación da cidadanía. Coa intención de facilitar esa participación, o goberno encargou a un equipo técnico de prestixio en accións de rexeneración urbana a redacción dunha proposta inicial que agora vos presentamos. Esta proposta é o punto de partida. O punto de chegada será o proxecto final que se redactará logo de concluído este proceso de participación social e unha vez escoitadas e recollidas todas as suxestións, ideas, críticas e propostas veciñais.

Como se pode participar?

Os mecanismos de participación son dous:

- A través da web do concello www.ponteareas.gal/ponteareasoteufogar onde poderás acceder aos detalles da proposta técnica e facernos chegar as túas ideas.
- A reunión que celebraremos o xoves 21 ás 18:30 horas na Sala Multiusos do Auditorio Reveriano Soutullo.

Que persigue a proposta técnica?

A proposta pretende converter esa zona comercial e cultural con grande movemento de persoas nun amplo espazo peonil, seguro, de calidade, con mobiliario urbano e arborado, un lugar de encontro da xente que vai á compra ao mercado e comercios do entorno ou a un evento no Auditorio.

A medida encádrase no obxectivo de rexenerar a vila de Ponteareas e acadar unha mobilidade sostíbel, fomentando e dando prioridade aos desprazamentos a pé e en bicicleta. Neste caso atopámonos cun espazo con grande concentración de peóns e vehículos e onde as zonas peonís non reúnen as mellores condicións.

Ademais, con esta acción preténdese potenciar o comercio local e, especialmente, o Mercado Municipal, mellorando espazos para terrazas e áreas de estancia e descanso para as persoas e fomentando a socialización á entrada e saída dos eventos do Auditorio.

Os vehículos poderán seguir circulando normalmente cunha velocidade limitada, manteranse dúas áreas de carga e descarga e os peóns poderán chegar andando ao Auditorio e Mercado dun xeito máis seguro e cómodo.

En que consiste a humanización proposta?

- **Plataforma única:** para mellorar a mobilidade todo o espazo disporase en plataforma única, de maneira que o peón se move ao mesmo nivel e o vehículo é o que sube ou baixa.
- **Seguridade vial:** a velocidade dos vehículos limitaríase nese tramo aos 20 Km/h dando prioridade aos peóns que camiñan pola plataforma.
- **Zona verde:** o ámbito de actuación carece de sombra e apenas conta con arborado e axardinamento. Dotarase ao espazo de arborado de certo porte para dar continuidade ao corredor verde previsto para unir a vila co Tea.
- **Pavimentación de calidade:** os pavimentos propostos (granito e formigón fratasado en ocre) xunto coa vexetación introducida son propias dun espazo humanizado e atractivo
- **Iluminación:** propóñense dous niveis de iluminación. Luminarias altas viarias que garanten os niveis de iluminación para a seguridade dos peóns e luminarias baixas que contribúen a xerar áreas de estancia e potenciar os edificios públicos.

Cómo se financiará e executará a humanización na rúa Fernández Vega?

Para financiar e poder executar as obras o Concello dispón dos cartos necesarios. Como xa é coñecido, a Unión Europea concedeu a Ponteareas 5 millóns de euros para o programa “Ponteareas habitat saudable” e este ano iniciámolo co Concello saneado economicamente. Unha vez se redacte o proxecto definitivo, tendo en conta as opinións da veciñanza, a obra licitarase e poderase executar ao longo do ano 2019.

Ponteareas o teu fogar

Queremos que Ponteareas sexa o teu fogar. Unha vila ordenada, curiosa, coidada. Un lugar accesíbel, habitábel, cómodo e agradábel. Unha vila verde e sombreada. Un lugar fermoso, limpo, saudábel, seguro e tranquilo. Coma a túa casa, coma o teu fogar.

A proposta de humanización da Rúa Fernández Vega (Auditorio-Mercado) únese ao primeiro tramo do Paseo Matutino, Praza de Bugallal, Rúa Redondela, Rúa San Roque, entorno da Piscina Municipal, reforma da Feira Vella, Avenida de Castelao e outras que están executadas ou en fase de licitación ou en procesos de participación social.



PONTEAREAS O TEU FOGAR



UNIÓN EUROPEA

Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional

PONTEAREAS
CONCELLO

Un xeito de facer Europa

HUMANIZACIÓN AUDITORIO - MERCADO

PROCESO PARTICIPATIVO

Exposición pública

Xoves 21 – 18:30 h

Sala Multiusos do Auditorio

Reveriano Soutullo

www.ponteareas.gal/ponteareasoteufogar